MEMORIA DE ACTIVIDADES

agadea Alzheimer

ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA AOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHÉIMER

2021

Alzheimer

Aínda que non saibas quen son, sempre saberás que te quero

O Alzhéimer é unha **enfermidade neurodexenerativa** que se caracteriza principalmente, pola aparición lenta de síntomas como a perda de memoria, trastorno de conduta, alteracións da linguaxe ou desorientación no espazo e que evolucionan ao longo dos anos.

A enfermidade de Alzheimer é a demencia máis común. Segundo as últimas estimacións **afecta a 800.000 persoas en España, 70.500 delas en Galicia.**

Unha das súas particularidades é que aínda hoxe en día descoñécense as causas e, por este motivo, a **detección precoz** adquiere un protagonismo especial.

agadea Alzheimer

ÍNDICE

Pax.

I. QUEN SOMOS 5
1.1 A asociación 7
1.2 Xunta directiva 8
1.3 Fitos de AGADEA 10
1.4 Ámbito de actuación 11
1.5 Socios 12
1.6 AGADEA en cifras 13

II. SERVIZO DE PREVENCIÓN 15
2.1 Envellecemento activo 17
2.2 ACTIVA-T. 19
2.3 Cultiva o Corpo 21

III. SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA 23
3.1 Área de Influencia 25
3.2 Actividades dos servizo de estimulación 27

IV. CENTROS DE DÍA 29
4. 1 Centro de día Alzhéimer de Ribeira 33
4.2 Centro de día de Alzhéimer da Estrada 37
4.3 Centro de día de Salgueiriños-Santiago 41

V. SERVIZO DE TRANSPORTE 47

VI. SERVIZO DE INTERVENCIÓN CON FAMILIARES 49
6.1 Programa de información, valoración e orientación 51
6.2 Programa de asesoramento xurídico 52
6.3 Programa de atención ás familias 53

VII. SERVIZO DE FORMACIÓN 55

VIII. SERVIZO DE SENSIBILIZACIÓN 59

IX. SERVIZO DE VOLUNTARIADO E PRÁCTICAS 67

X. AXUDAS E ENTIDADES COLABORADORAS 71

ENDEREZOS E CONTACTOS 75

agadea
Alzheimer

I. QUEN SOMOS

1.1 A ASOCIACIÓN

O 25 de marzo do 1994 nace en Santiago de Compostela a primeira Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Alzhéimer (AGADEA), sendo a primeira asociación deste tipo que se crea a nivel autonómico.

Somos unha entidade sen ánimo de lucro formada por persoas usuarias, familiares, profesionais e voluntarios que traballan por mellorar a calidade de vida dos afectados (enfermos e coidadores) pola doenza de Alzhéimer e doutras demencias. Para lograr estes obxectivos, ofrecemos recursos, servizos e actividades que cobren as necesidades que van xurdindo nas diferentes etapas.

A nosa misión principal é impulsar a atención integral e especializada mediante a planificación, organización e coordinación de programas e servizos de calidade a través dunha estrutura dinámica, sólida, transparente e participativa. Lévase a cabo a través destas vertentes:

PREVENCIÓN. Actividades de prevención dirixidas a persoas maiores.

ESTIMULACIÓN. Servizos de estimulación terapéutica (tratamentos non farmacolóxicos) dirixidos aos enfermos.
Asesoramento, apoio e formación dirixido a familiares, coidadores e profesionais.

SENSIBILIZACIÓN. Visibilizar as demencias e o seu impacto na contorna familiar e social dirixido á cidadanía.

DURANTE O ANO 2021 AGADEA PRESTOU SERVIZO A 557 FAMILIAS

1.2 XUNTA DIRECTIVA

O 16 de maio do ano 2009 a Asemblea Xeral Ordinaria elixe a Dona Mª Isabel Gey Pérez como presidenta de AGADEA sendo nomeados tamén os demais membros da xunta directiva. A última renovación levouse a cabo o 8 de setembro de 2021. A composición actual da Xunta directiva é a seguinte:

Presidenta.
Mª Isabel Gey Perez

Tesoureiro
Pablo Mirás Sanchez

Secretaria
Silvia Neira Iglesias

Vogais
María del Carmen Mato Baneira
Belén Porta Rivas

ORGANIGRAMA

AGADEA conta cos seguintes profesionais e está estruturada así:



1.3 FITOS NA HISTORIA DE AGADEA

A Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencias tipo Alzhéimer nace no 1994 prestando servizo de apoio a persoas con demencia e ás súas familias.

2010

Centro de Día de Atención especializada para enfermos de Alzhéimer de Ribeira

2015

Servizo Específico de Estimulación Terapéutica no Concello de Ribeira

2015

Servizo Específico de Estimulación Terapéutica no Concello de A Estrada

2016

Servizos de Atención Diúrna para persoas con Alzhéimer e outras Demencias en Ribeira

2017

AGADEA inaugura Un Espazo para a Memoria no Ensanche compostelán ofrecendo un Servizo Específico de Estimulación Terapéutica

2018

Inaugúranse os Servizos de Estimulación Integral no concello de Vedra, no Burgo

2019

Servizo Específico de Estimulación Terapéutica no Concello de Teo. Centro de día de persoas maiores do concello da Estrada

2019

Servizo de Estimulación Terapéutica en Boiro

2020

Abre en Santiago de Compostela o Centro de día Salgueiriños, o primeiro centro de día AGADEA na capital de Galicia

2021

Abre no concello de Trazo un novo Servizo de Estimulación Terapéutica

1.4 ÁMBITO DE ACTUACIÓN

AGADEA ten a súa sede e oficinas no concello de Santiago de Compostela, na Rúa dos Salgueiriños de Abaixo Nº 15 Baixo 15704 e ten centros en catro comarcas de Galicia.

Comarca de Santiago: Santiago de Compostela, Vedra e Teo
Comarca da Barbanza: Ribeira
Comarca de Tabeirós-Terra de Montes: A Estrada
Comarca de Ordes: Trazo

Centros de día:
Centro de día da Estrada
Centro de día de Santiago
Centro de día de Ribeira

Servizos de Estimulación Terapéutica:
Salgueiriños
Ensanche
Teo
Vedra
A Estrada
Ribeira
Trazo

Centro de día Salgueiriños: Rexistro Sanitario: C-15-004336
Servizo de Estimulación do Ensanche: Rexistro Sanitario: C-15-004150
Sede de Agadea Alzhéimer: Rexistro Sanitario: C-15-003510
Centro de día de Alzhéimer de Ribeira: Rexistro Sanitario: C-15-002952

1.5 SOCIOS

AGADEA conta cun total de 400 **persoas socias no ano 2021**, dos cales a maioría delas teñen relación directa coa asociación (usuarios/as, coidadores/as principais e familiares) aínda que existe unha porcentaxe moi baixa que teñen relación indirecta (antigos socios, persoas alleas ó centro, etc.).

Para ser socio de AGADEA pode acudir á Asociación ou ben dende a páxina web, encher un folleto cos datos persoais requiridos e aboar a cantidade mínima (50€/ano). Tamén se poden realizar donativos.

As vantaxes de ser socio son: obter préstamos de axudas técnicas, atención xurídica gratuíta na primeira consulta e aplicación dunha tarifa reducida para consultas posteriores, tamén servizo de fisioterapia con aplicación de tarifa reducida nas consultas e servizos de podoloxía con aplicación de tarifa reducida nas consultas.

1.6 CIFRAS DE AGADEA 2021

FAMILIAS ATENDIDAS

557 FAMILIAS

SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPEÚTICA

171 PERSOAS

CENTROS DE DÍA A ESTRADA

29 PERSOAS

CENTROS DE DÍA DE ALZHÉIMER DE RIBEIRA

40 PERSOAS

CENTROS DE DÍA DE SALGUEIRIÑOS

28 PERSOAS

TRANSPORTE E SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

VOLUNTARIOS

30 PERSOAS

ALUMNADO EN PRÁCTICAS

40 PERSOAS

SOCIOS

400 PERSOAS

PROGRAMA DE PREVENCIÓN

ENVELLECEMENTO ACTIVO

111 PERSOAS

CULTIVA O CORPO

144 PERSOAS

ACTIVA-T (ENSANCHE)

34 PERSOAS

ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

ESCOLA DE FAMILIAS

19 FAMILIAS

ATENCIÓN PSICOLÓXICA

5 FAMILIAS

ATENCIÓN XURÍDICA

10 FAMILIAS

agadea
Alzheimer

II. SERVIZOS DE PREVENCIÓN

“A curiosidade é un estado de ánimo permanente”

Gran parte das persoas que se atopan na idade adulta viven un envellecemento normal, e non todas coñecen os instrumentos para vivir os anos de vellez satisfacendo as necesidades sociais, intelectuais e afectivas, é dicir, con óptima calidade de vida.

É a toma de conciencia, a que vai posibilitar que as persoas maiores inicien acción temperás tendentes á estimulación cognitiva, a potenciación e a exercitación da memoria, mediante a participación activa nese proceso. AGADEA desenvolve tres programas de prevención:

Envellecemento activo

Actívate-T

Cultiva o corpo

2.1 ENVELLECEMENTO ACTIVO

Dende AGADEA levamos a cabo talleres de estimulación cognitiva e de memoria baseados nun modelo de intervención funcional nos que se recoñecen os cambios polos que transita unha persoa na idade adulta, ao mesmo tempo que aquelas capacidades que posúe, procurando manter ou incluso recuperar unha eficiencia mental compatible cunha vida persoal e social activa, como a que deben levar adiante as persoas adultas maiores.

Algúns dos contidos que se trataron durante os talleres de envellecemento activo son os seguintes:

- O envellecemento activo. Como envellecer de forma saudable
- A comunicación nas persoas maiores.
- Estado afectivo nas persoas maiores.
- Cambios cognitivos no envellecemento normal

LOCALIZACIÓN	NÚMERO DE PARTICIPANTES	HOME MULLER
SANTIAGO DE COMPOSTELA (ENSANCHE)	20	2 HOMES 18 MULLERES
LAVACOLLA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	11	11 MULLERES
ENFESTA (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	11	1 HOMES 10 MULLERES
VEDRA	23	2 HOMES 21 MULLERES
RIBEIRA	19	19 MULLERES
A ESTRADA	14	1 HOME 13 MULLERES
SAN XULIÁN DE VEA (A ESTRADA)	7	7 MULLERES
VILAR DE CALO (TEO)	6	6 MULLERES

Profesionais Implicados

O programa de envellecemento activo foi coordinado e impartido polas psicólogas da asociación.

Poboación a que vai dirixido

Este proxecto está dirixido a persoas maiores de 60 anos, que non sufran deterioro cognitivo e que estean interesadas en previr a perda de memoria ou outras capacidades intelectuais coma consecuencia do envellecemento.

Temporalización

Este programa levouse a cabo dende outubro de 2020 ata xuño de 2021, unha nova edición comezou en outubro de 2021 e segue en marcha na actualidade. As sesións semanais, dunha hora de duración.

PROGRAMA ONLINE NEURONUP

Nesta ferramenta de estimulación cognitiva levamos a cabo o programa de Envellecemento Activo online, a través do cal se adestrar as habilidades cognitivas, funcionais e sociais coa axuda das novas tecnoloxías e dende a casa.

• Está dirixido pola psicóloga de AGADEA, Andrea Muiños, quen deseña un programa de actividades totalmente personalizado ás capacidades dos usuarios a través da plataforma NeuronUP.

• Para persoas maiores de 60 anos
• Necesidade de tablet ou ordenador e conexión a internet

2.2 ACTIVA-T

Activa-T concíbese como unha alternativa de atención dirixida ás persoas con Alzhéimer cuxa situación demanda unha atención en aras a previr situacións de dependencia máis graves e/ou potenciar, na medida que sexa posible, o grao de autonomía ou capacidade que posúen en cada momento as persoas destinatarias e lévase a cabo no Servizo de Estimulación Terapéutica do Ensanche, en Santiago de Compostela.

O servizo conta coas seguintes prescricións:

• Terapia de orientación á realidade (TOR).
• Estimulación cognitiva (grupal e individual).
• Actividades físicas (xerontoximnasia).
• Actividades de lecer e tempo libre.
• Saídas culturais.

Neste ano 2021 tivemos ocasión de reanudar as nosas estrañadas saídas culturais. Por exemplo: visita guiada á exposición “Memorias do Café Derby (1929-2020)”, visita ao Museo do Pobo Galego á exposición “Son[Em]peza!”

Poboación á que vai dirixido

Este servizo está destinado aos usuarios e usuarias da asociación que presentan un deterioro incipiente e leve das súas capacidades cognitivas e precisan previr situacións de dependencia máis graves e/ou potenciar o seu grao de autonomía.

Profesionais implicados

Este programa estivo dirixido pola Educadora Social e a Psicóloga, que se encargan de planificar e especificar as actividades mediante unha programación anual.

2.3 CULTIVA O CORPO

“A xerontoximasia adquiere una dimensión especial para evitar o deterioro da calidade de vida e a dependencia dos maiores”

Taller dirixido a persoas maiores sen deterioro cognitivo, que desexen ter un envellecemento activo e saudable a través do coñecemento do propio corpo e da práctica de exercicio físico regular en grupo. Un dos compoñentes que máis se traballa é o equilibrio.

O obxectivo deste tipo destes exercicios para persoas maiores é promover a actividade deportiva e manter en bo estado a súa saúde física e mental, e á vez, mellorar as relacións sociais.

Realízanse multitude de exercicios variando a posición dos pes, con bases alteradas e cos ollos abertos e pechados para que as persoas poidan experimentar a falta de confianza debido ao gran uso que realizamos do sistema visual.

TALLERES	NÚMERO DE PERSOAS
ENSANCHE	6
SALGUEIRIÑOS GRUPO 1	22
SALGUEIRIÑOS GRUPO 2	18
FIGUEIRAS	23
NEMENZO	11
O EIXO BORNAÍS	9
LAVACOLLA	16
AS CANCELAS	10
RIBEIRA	21
A ESTRADA	8

agadea
Alzheimer

III. SERVIZOS DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA

3.1 ÁREA DE INFLUENCIA

O Servizo de Estimulación Terapéutica conta con distintas actividades que se realizan coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas que sofren algún tipo de demencia neurodexenerativa, en especial as persoas que padecen Alzhéimer.

Dentro do Servizo Específico de Estimulación Terapéutica ofértanse actividades como: Terapias de Orientación a Realidade, actividades físicas, estimulación cognitiva, actividades lúdico-manipulativas e actividades extraordinarias e saídas culturais. As actividades prográmanse e establécense en función das capacidades cognitivas das persoas que conforman o grupo.

Grupo 1: Persoas con deterioro cognitivo leve.
Realízanse actividades de orientación (calendario e lectura e debate de prensa), xerontoximnasia, estimulación cognitiva grupal, psicomotricidade, láminas de estimulación cognitiva individuais, laborterapia e actividades lúdicas.

Grupo 2: Persoas con deterioro cognitivo leve-moderado.
Realízanse as mesmas actividades que no grupo 1, rebaixando o nivel de dificultade para adaptalo ás persoas usuarias.

Grupo 3: Persoas con deterioro cognitivo moderado – moderado-grave.
Realízase orientación temporal, espacial e persoal, xerontoximnasia básica, actividades de estimulación cognitiva grupal e individual básicas, empregando recursos que faciliten a tarefa como as actividades con pantalla; unha vez á semana prográmase actividade de cine, cunha proposta de películas sinxelas ou capítulos de serie curtos, principalmente de comedia e humor.

ÁREA DE INFLUENCIA	NÚMERO DE PERSOAS
SANTIAGO - ENSANCHE	54
SANTIAGO - SALGUEIRIÑOS	15
TRAZO	7
VEDRA	11
CACHEIRAS	9
RIBEIRA	48
A ESTRADA	27

PARTICIPANTES
171 PERSOAS

3.2 ACTIVIDADES DOS SERVIZOS DE ESTIMULACIÓN 2021

1º TRIMESTRE (xaneiro, febreiro e ata o 13 de marzo)

- Laborterapia: confección do libro recopilación de traballos de estimulación cognitiva.
- Agasallo de cumpreanos: confección do agasallo individual para as persoas que cumpren anos.
- Celebración do Entroido: laborterapia de disfraz de Apóstolo Santiago e temática "AGADEA CO XACOBEO".
- San Valentín: taller de laborterapia.
- Día da muller (8 de marzo): Mural "Mulleres das nosas vidas".
- Celebración do cambio de estación: talleres de laborterapia de primavera.
- Campaña de sensibilización cos establecementos: Laborterapia de Maceteros con flores.

2º TRIMESTRE (abril, maio e xuño)

- Celebración festividade das Letras Galegas: Homenaxe a Xela Arias
- Celebración das festas da Ascensión: Laborterapia de Cabezudos de Santiago. Entrega nun acto no concello compostelano presidido polo alcalde Xosé Sánchez Bugallo.
- Celebración do cambio de estación: talleres de laborterapia de verán.
- Celebración da noite de San Xoán.

3º TRIMESTRE (xullo, agosto e setembro)

- Taller de laborterapia: confección de pedras pintadas a man.
- Taller de laborterapia: confección dun debuxo abstracto pintado con garfos.
- Celebración do cambio de estación: talleres de laborterapia coa temática do outono.
- Día Mundial do Alzheimer.

4º TRIMESTRE (outubro, novembro e decembro)

- Taller de laborterapia: elaboración dun photocall coa temática do Samaín.
- Celebración do Samaín: relatar mitos e lendas desta celebración.
- Campaña de sensibilización de Nadal cos establecementos comerciais de Ribeira, Santiago e A Estrada: elaboración de guirnaldas de luces realizadas con goma eva.
- Día Internacional Contra a Violencia de Xénero: charla/debate sobre a importancia que contén este tema.
- Celebración do Nadal.
- Celebración do cambio de estación: talleres de laborterapia coa temática do inverno.

MEMORIA GRÁFICA



agadea
Alzheimer

IV. CENTROS DE DÍA

AGADEA conta con tres centros de día, en Ribeira, A Estrada e en Santiago de Compostela.
Os centros de día supoñen un recurso asistencial de atención diúrna onde a persoa enferma recibe os coidados profesionais adaptados a súa situación de deterioración ou dependencia, mentres ao familiar permítelle compaxinar o coidado coa súa vida laboral e familiar.

O equipos profesionais, en xeral, están compostos por: psicóloga, terapeuta ocupacional, fisioterapeuta, educadora social, traballadora social, auxiliar de enfermería. Ademais dos profesionais descritos, normalmente contan, de forma externalizada, cunha enfermeira, unha podóloga e unha perruqueira. Ademais dos servizos propios, contan con servizo de transporte, de xestión da medicación e de alimentación e nutrición.

Obxectivos específicos dirixidos aos usuarios/as do Centro de día:

Favorecer e rehabilitar o mantemento físico, a través da actividade física e psicomotriz.
Realizar actividades cognitivas e funcionais recomendadas e adaptadas a cada unha das fases da evolución da enfermidade.

- Promover que a persoa manteña o maior tempo posible a súa autonomía persoal.
- Motivar e guiar ao/á usuario/a para que se interese por facer determinadas actividades que mobilicen as súas capacidades cognitivas e funcionais.
- Fomentar as relacións sociais dentro e fóra do centro.
- Previr e/ou tratar outros síntomas afectivos de comportamento que poden aparecer no desenvolvemento dunha demencia.
- Garantir o coidado persoal das persoas usuarias e o apoio preciso no desenvolvemento das actividades da vida diaria durante a súa estadía no Centro.

ACTIVIDADES TERAPÉUTICAS

Nos centros de día de AGADEA lévanse a cabo terapias non farmacolóxicas dirixidas a manter e/ou mellorar as destrezas que permiten á persoa participar nas ocupacións da vida diaria.

- Terapia de orientación á realidade (TOR)
- Reminiscencia
- Estimulación cognitiva
- Adestramento das destrezas motoras e de praxe
- Xerontoximnasia
- Adestramento das actividades da vida diaria
- Actividades baseadas na ocupación

4.1 CENTRO DE DÍA DE ALZHÉIMER RIBEIRA

Dende o 26 de xullo do ano 2010 AGADEA xestiona o Centro de Día de Alzhéimer e outras Demencias Neurodexenerativas de Ribeira (Rúa Cardenal Cisneros nº1, entrechán), cun total de 35 prazas, que foron adxudicadas a día 13 de abril de 2016, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, tras a renovación da concesión dos servizos de atención diúrna a AGADEA. O Centro ten un horario de 8:00 a 20:00, de luns a venres, a apertura do local é de 09:00 a 19:00 horas.

O 12 de marzo do 2013 outorgouse a autorización Sanitaria de funcionamento, así como a acreditación de inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios co número C-15-002952 por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Dita acreditación respalda por parte da administración pública a oferta asistencial realizada no Centro:

Fisioterapia I Terapia Ocupacional I Psicoloxía sanitaria I Enfermaría I Podoloxía

O 10 de maio do 2013 Applus certificou que o sistema de calidade desenvolto por AGADEA no Cento de Día de Alzhéimer de Ribeira, é conforme cos requisitos da norma ISO 9001:2008 para a xestión integral do Centro de Día para o coidado e atención de persoas usuarias afectadas por Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas.

Estas acreditacións consolidan e avalan a liña de traballo que AGADEA, a través do Centro de día de Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas de Ribeira, dirixe ás persoas con algún tipo de demencia neurodexenerativa e ás súas familias na comarca do Barbanza.

Neste ano 2021 a tónica segue a ser a mesma e seguimos a manter os mesmos estándares de calidade así como os nosos esforzos para mellorar día tras día na nosa labor.

Entre as actividades terapéuticas levadas a cabo, destacan a de estimulación cognitiva individual e a grupal. Propóñense obradoiros relacionados coas distintas festividades locais e nacionais (entroido, a dorna, samaín, nadal…) e obradoiros de reminisciencia inspirados na historia de vida das persoas usuarias do centro de día. Tamén xerontoximnasia coa que se pretende mellorar a mobilidade corporal xeral, a capacidade cardiorespiratoria e establecer un ritmo adecuado vixilia-sono desenvolvendo a tolerancia ao traballo.

Por outra banda realízanse actividades de psicomotricidade, como xogos motrices, actividades con material (aros, pelota, globos…), ou ritmo. En fases máis avanzadas estimúlanse os reflexos voluntarios básicos.

ACTIVIDADE INTERXENERACIONAIS. Entre as actividades destacadas do ano rexistrou gran interés a levada a cabo co alumnado do obradoiro de cociña O Pote II da Escola de Hostalería de Ribeira. Consistiu na elaboración dun menú proposto polas propias usuarias, que foron as encargadas de supervisala e falarlle aos alumnos e alumnas de como se preparaban eses pratos antigamente.

PERSOAS ATENDIDAS	Nestos momentos atendense a un total de 40 personas usuarias
HOMES / MULLERES	A maioría das persoas usuarias do centro son mulleres. Soamente 3 persoas son homes.
XORNADA COMPLETA / XORNADA PARTIDA	Únicamente temos 2 persoas a media xornada
NÚMERO DE BAIXAS	Durante o ano 2021/2022 tivemos de media 7 prazas vacantes a xornada completa
GRADO DE DEPENDENCIA	A maioría das persoas usuarias do centro son de grado II e III
COIDADORES PRINCIPAIS	A maioría das coidadoras principais son mulleres

MEMORIA GRÁFICA

4.2 CENTRO DE DÍA DE PERSOAS MAIORES A ESTRADA

Dende o 18 de marzo do ano 2019 AGADEA xestiona o Centro de Día para persoas maiores do concello de A Estrada, situado no Edificio do Novo Mercado, Rúa Waldo Álvarez Insua s/n 1ª planta.

O centro conta cunha capacidade total de 20 prazas a xornada completa e 40 a media xornada. O horario habitual do centro é de 09:00 a 19:00, de luns a venres pero este ano, por mor da COVID19 adaptamos o noso horario ás circunstancias de 10:00 a 19:00. O centro permanece pechado os sábados, domingos e festivos tanto locais como autonómicos ou nacionais.

O equipo do Centro de Día de Alzhéimer durante o ano 2021 estivo composta polas seguintes profesionais:
Fisioterapeuta, Terapeuta ocupacional, Traballadora social, Equipo xerocultor.
Ademais dos profesionais descritos, o Centro de día conta, de forma externalizada, cunha podóloga que acode mensualmente ao centro.
O centro de día para persoas maiores do Concello de A Estrada, conta coa acreditación de inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-560-C-2.

Dende o 2 de xuño, o centro de día conta coa autorización Sanitaria co número de rexistro C-36-003167. A oferta asistencial autorizada é a de fisioterapia, podoloxía, terapia ocupacional e psicoloxía. Dita acreditación respalda a oferta asistencial realizada no centro.

Ámbito de intervención.
O ámbito de intervención do Centro de Día céntrase no Concello de A Estrada.
Durante o ano 2021 o Centro prestou servizo a un total de 29 persoas usuarias. Rexistráronse 14 alta e 5 baixas.

Destacar en canto ao perfil das persoas usuarias do centro, é que a pesar do carácter municipal do centro, o acceso ao mesmo realízase de xeito privado, non sendo necesario o recoñecemento da situación de dependencia. A pesar desta situación, as persoas usuarias durante o ano 2020 foron persoas dependentes.

Se atendemos ao xénero das persoas usuarias, durante o 2021 a maioría dos/as usuarios/as foron mulleres, 22 en total e 7 homes.

O centro da Estrada potencia as actividades interxeneracionais

No ano 2021 realizáronse diferentes actividades en colaboración con outros axentes sociais do concello de A Estrada co obxectivo de promocionar a participación na comunidade das persoas usuarias do Centro de día, así como, de poñer en valor o papel das persoas maiores na nosa sociedade. Concretamente leváronse a cabo accións co Colexio Plurilingüe Nuestra Señora de Lourdes e con Cáritas.

Para o Samaín realizouse unha actividade conxunta co colexio que consistiu en que as crianzas elaboraron un vídeo onde explicaban a historia do Samaín e amosaban as cabazas que decoraron para dita celebración. Foi visualizado polas persoas usuarias do Centro de día e do Servizo de Estimulación Terapéutica durante a celebración do mesmo. Contamos ademais, coa colaboración de dous músicos de A Estrada que viñeron ofrecernos unha actuación musical de forma voluntaria. Destacan tamén os talleres de cociña, moi valorados polas persoas usuarias e que constitúen unha ferramenta moi importante para traballar as destrezas motoras e de praxe.

PERSOAS USUARIAS
29 PERSOAS

MEMORIA GRÁFICA

4.3 CENTRO DE DÍA SALGUEIRIÑOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dende o 01 de febreiro do ano 2021 AGADEA (Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzhéimer) xestiona o Centro de Día para persoas maiores de AGADEA (Salgueiriños de Abaixo Nº15B Baixo Santiago de C.), cun total de 26 prazas.

O Centro ten un horario de 10:00 a 20:00, de luns a venres, a apertura do local é de 09:30 a 20:00 horas.

O 14 de outubro de 2020 outorgouse a autorización Sanitaria de funcionamento, así como a acreditación de inscrición no Rexistro de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios co número C-15-004336 por parte da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Dita acreditación respalda a oferta asistencial realizada no Centro: fisioterapia, terapia ocupacional, podoloxía.

Estas acreditacións consolidan e avalan a liña de traballo que AGADEA, a través do Centro de Día para persoas maiores dirixe ás persoas maiores con ou sen deterioro e ás súas familias. Ademais AGADEA, como xestora do Centro, promoveu e potenciou actuacións na cidade de Santiago de C., como son as labores de información e **asesoramento, sensibilización** ou formación, entre outras.

Ámbito de intervención. O ámbito de intervención do Centro de Día céntrase no Concello de Santiago de Compostela e arredores.

Durante o ano 2021 rexistráronse 28 usuarios

No ano 2021 a maioría dos usuarios e usuarias do Centro de día procederon do Concello de Santiago, seguidos dos concellos limítrofes como son o concello de Teo e Vedra. No centro de día, no 2021, déronse de alta 12 mulleres e 7 homes, dándose de baixa 9 persoas.

ACTIVIDADES

No centro de día levánse a cabo mensualmente talleres de cociña encamiñados a estimular as destrezas cognitivas, sensoriais, motoras e de praxe. Elaboramos multitude de receitas: torradas de Entroido, brochetas de froitas, Pedras de Santiago, torta de queixo, xeados de froitas, batido de selva negra, sorbete de piña, etc, tamén de horticultura e arteterapia, como o realizado por Beatriz Suárez Saá, alumna en prácticas.

En canto ás actividades de ocio e participación social destacan:

SAÍDAS: ademais de manter e mellorar destrezas, promoven a inclusión social: realizáronse saídas ao centro de Santiago para ver as Alboradas celebradas con motivo do Día de Galicia, ao Araguanei para ver a exposición Retratando en Plata e a Villa Regina, un proxecto que nace do corazón para poñer en valor a cultura de aldea e achegarnos á natureza, ao coidados dos animais e as tradicións!

CELEBRACIÓNS E DÍAS ESPECIAIS: fomenta as relacións e participación social, estimula múltiples destrezas e promove o benestar psicolóxico, como o 8M, o Día da Muller Rural, o entroido, os maios e a celebración das Festas da Ascensión onde os centros de AGADEA en Santiago quixeron ter un cariñoso detalle con todos os 'picheleiros', neste ano tan difícil por mor da pandemia. Por iso, durante unas semanas, traballadoras e mesmo familias realizaron estas figuras que o luns 10 de maio foron entregadas ao alcalde de Compostela no Pazo de Raxoi. Por outra banda o día de Galicia realizouse unha exposición sobre o traxe rexional onde se coñeceu o nome de cada prenda, o seu uso e materiais cos que se elaboran.

Entre as actividades interxeneracionais destaca o proxecto coa Escola Infantil A Madalena (Milladoiro, Ames) para a posta en marcha dunha pequena horta no centro con varias xardineiras para poder plantar verdura ou froita de temporada coma os amorodos.

Tamén se celebraron as Letras Galegas realizando unha actividade co IES Pedra da Auga, de Ponteareas sobre Xela Arias e outros autores galegos coma María Mariño, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro e Castelao. Esta actividade interxeneracional foi levada a cabo en conxunto co centro de estimulación terapéutica do Ensanche. Aquí tamén se viron vídeos de textos musicalizados sobre o himno galego, o exilio de Castelao, entre outros.

TALLERES DE SENSIBILIZACIÓN NA AULA: DIVULGAMENTE

Dende FAGAL lévanse a cabo diferentes talleres de Sensibilización nas Aulas a través do Programa Divulgamente. Dende o Centro de Día, organizáronse dous talleres en colaboración co IES Camilo José Cela de Padrón nos que participaron unha coidadora dunha persoa con Enfermidade e Alzhéimer e a terapeuta ocupacional. O 3 de novembro, a Terapeuta Ocupacional do CD Salgueiriños e María Raña Sánchez, familiar dunha nas nosas usuarias, visitaron o instituto para achegarlles ao alumnado de 2º de Bacharelato o rol do coidador, explicarlles o proceso da doenza, as barreiras e os apoios cos que se contan. E o 17 de novembro, Estefanía Calvelo falou das terapias non farmacolóxicas, das diferentes disciplinas que forman parte do equipo interdisciplinar nun centro de día e a súa abordaxe no Alzhéimer.

VISITA VIRTUAL AO MUNCIT

Dende o Centro de DÍA en colaboración co Museo Nacional de Ciencia y Tecnología MUNCYT de A Coruña puidemos desfrutar duha visita virtual ás súas exposicións. Pasearon pola salas do #museo, coñeceron a evolución da #TorredeHércules, o primeiro avión e mesmo o gramófono.

ESPECTÁCULO DE MAXIA: no Centro de día Salgueiriños desfrutamos do espectáculo de maxia Don Gelatti por parte de Dani García! Grazas a Cultura Activa por agasallarnos cunha mañá tan amena e achegar este tipo de eventos ó noso centro!

MEMORIA GRÁFICA

agadea
Alzheimer

V. SERVIZO DE TRANSPORTE

Para aquelas persoas que o precisen, a Asociación conta cun servizo de transporte. O servizo recolle os/as usuarios/as no seu domicilio e os leva aos servizos onde se realizan os Servizos de Estimulación Cognitiva e viceversa. O transporte fai catro servizos ao día: maña, mediodía, tarde e noite, en Santiago de Compostela, en A Estrada só fai o da tarde e o da noite.

Poboación á que vai dirixido.
Vai dirixido os/as usuarios/as de AGADEA, que soliciten dito servizo e que vivan no núcleo urbano de Santiago e Ribeira segundo corresponda.

Obxectivos.
Entre os obxectivos está facilitar a mobilidade dos/as usuarios/as do domicilio ao Centro e á inversa, favorecer un transporte ás persoas con mobilidade reducida ou limitada, proporcionar á familia un servizo de axuda nos coidados na recollida e na volta ós domicilios das persoas usuarias compatibilizando a asistencia ós centros coa vida diaria dos seus coidadores.

Profesionais implicados.
As profesionais que realizan o servizo de Transporte son as xerocultoras. Durante o servizo sempre van dúas persoas encargadas, unha profesional do centro que é a encargada de conducir e outra persoa co obxectivo de axudar aos usuarios/as á hora de subir ou baixar do transporte así como de acompañalos/as e velar polo seu benestar durante o traxecto. Tamén se conta con persoas voluntarias ou en período de prácticas.

agadea
Alzheimer

VI. SERVIZO DE INTERVENCIÓN CON FAMILIARES

6.1 PROGRAMA DE INFORMACIÓN, VALORACIÓN, SEGUEMENTO E ORIENTACIÓN

Este servizo vai dirixido á poboación en xeral, as familias das persoas usuarias de AGADEA e a todos os socias e socios da entidade.

O primeiro paso deste programa é analizar a situación da posible persoa usuaria e do seu familiar con demencia. A traballadora social é a encargada de realizar a acollida e esta primeira entrevista.

Por norma habitual o primeiro contacto que ten unha familia con Agadea é mediante unha chamada telefónica.

Para levar a cabo a valoración se fíxase unha data coa familia, e infórmaselle da documentación necesaria que deben traer á valoración.
A valoración é levada a cabo por unha Psicóloga e unha Traballadora social; o primero paso é o estudo, por parte da Psicóloga, do nivel de deterioro e grado de autonomía co que conta o usuario; o cal se coñece mediante unhas probas que determinan dito grado e capacidades que preserve.

A Traballadora Social mentres o usuario/a está sendo valorado pola psicóloga, atópase coa familia solicitándolle a documentación necesaria para comezar no servizo correspondente . Ao rematar ambas partes da valoración, a psicolóxica e a social, a psicóloga reúnese coa familia e a traballadora social, para explicarlles o resultado das probas que pasou o usuario, para coñecer o nivel de deterioro que padece e en que etapa se atopa.

Por último, en función do resultado das probas, índicase cal é o recurso/servizo que máis se axuste ás necesidades e ao nivel de deterioro do usuario, establecendo cantos e que días acudirá ao servizo así como o prezo dos mesmos. Finalizando así o proceso de valoración.

6.2 ASESORAMENTO XURÍDICO

AGADEA ten dende fai varios anos un convenio de colaboración cunha avogada que de xeito gratuíto, asesora e resolve dúbidas respecto aos trámites para solicitar a incapacitación legal, os dereitos e as obrigas que implica o nomeamento como titor ou curador, etcétera. As consultas poden realizarse por teléfono ou concertar unha entrevista persoal en xornada de tarde.

Poboación á que vai dirixido.
Este servizo vai dirixido aos familiares dos/as usuarios/as de AGADEA e a todos os socios/as da mesma e neste ano prestou servizo a **10 persoas**.

O 90% das consultas foron respecto á procedencia ou no da incapacitación xudicial dun proxenitor con Alzhéimer ou outra demencia. As cuestións a resolver foron, entre outras, as seguintes: Cando iniciar o trámite?, Onde facelo?, Canto dura o proceso? Diferencias segundo o grao de incapacidade. Consecuencias e Vantaxes.

6.3 PROGRAMA DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

A atención ás persoas con enfermidade de Alzhéimer ou outras demencias ten un impacto significativo no benestar e na calidade de vida dos coidadores familiares, afectando a súa saúde física e mental e tendo así mesmo repercusións a nivel social, familiar e profesional. En AGADEA considérase fundamental a figura do/a coidador/a, motivo polo cal se poñen en marcha distintas iniciativas que teñen como destinatarios/as principais os/as coidadores/as de persoas con demencia tipo Alzhéimer ou outras.

a) Atención psicolóxica

Trátase de prestar atención psicolóxica a través de accións de acompañamento personalizado e continuado do familiar que realiza a tarefa de coidador/a principal durante o proceso de evolución da enfermidade. A intervención psicolóxica busca colaborar co familiar na diminución das múltiples alteracións que sofre no seu estado de ánimo debidas aos continuos coidados que realiza (ansiedade, depresión, angustia, soidade...) O programa desenvólvese nas instalacións da asociación.

Poboación a que vai dirixido:

Esta dirixido ás familias dos usuarios/as de AGADEA e a todos/as os/as socios/as da mesma.

b) Escola de familias

Orientada os/as coidadores/as de persoas con demencia tipo Alzhéimer ou outras. A Escola de Familias, dirixida pola psicóloga da asociación, busca aportar coñecementos útiles e aplicables na vida cotiá dos familiares que conviven cunha persoa afectada. As sesións están orientadas a abordar dous dos principais problemas que nos achegan os/as coidadores/as: os problemas de comunicación e o manexo dos trastornos de conduta.

agadea
Alzheimer

VII. SERVIZO DE FORMACIÓN

Son destinatarios deste programa as familias dos/as usuarios/as de AGADEA, así como á poboación en xeral que estea interesada en recibir formación sobre o Alzhéimer e outras Demencias.

Obxectivos:

• Formar aos coidadores/as sobre todos os aspectos da enfermidade de Alzhéimer.
• Adquirir maior compresión e sensibilización ante a enfermidade por parte da poboación en xeral.

Este ano AGADEA organizou a I edición do Curso superior de atención especializada na enfermidade de Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas cuxa parte teórica, do 10 de xaneiro ao 4 de marzo, contou con 150 horas teóricas. A parte práctica foi de 120 horas.

Este curso tiña como obxectivo que os alumnos desempeñaran a súa profesión con todos os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para alcanzar a excelencia profesional. O curso está incluído na Carteira de Servizos baixo ou epígrafe '0201 Carteira de servizos para persoas dependentes con Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas e está recoñecido pola Xunta de Galicia de "Interese Sanitario para actos científicos".

ASISTIRON
24 PERSOAS

FORMACIÓN NO ANO 2021

DENOMINACIÓN DO CURSO

ATENCIÓN ESPECIALIZADA NA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER. Online

MANEXO DAS ALTERACIÓNS CONDUTUAIS

AS DEMENCIAS. TIPOS E CARACTERÍSTICAS CONDUTUAIS

A ENFERMIDADE DE ALZHEIMER E A SÚA ABORDAXE MULTIDISCIPLINAR I E II
Agadea e Escola Galega de Saúde

CORRESPONSABILIDADE NO COIDADO NA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER
Agadea e Escola Galega de Saúde

MANEXO DE CONFLICTOS NO ENTORNO DA DEMENCIA
Agadea e Escola Galega de Saúde

IMPACTO SOCIAL DA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER
Agadea e Escola Galega de Saúde

ESTIMULACIÓN COGNITIVA NA ENFERMIDADE DE ALZHEIMER
Agadea e Escola Galega de Saúde

PROMOCIÓN DE COIDADOS EN PACIENTES DEPENDENTES:
PREVENCIÓN DE ÚLCERAS POR PRESIÓN E LESIÓNS ASOCIADAS A HUMIDADE
Agadea e Escola Galega de Saúde

agadea
Alzheimer

VIII. PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN

Con motivo do Día Mundial do Alzhéimer, AGADEA ALHÉIMER inaugurou en Santiago de Compostela a exposición Retratando en Plata, unha mostra de máis de 70 retratos de persoas da entidade realizadas de forma altruísta por ilustradores de toda España durante os peores momentos da pandemia.

O acto tivo lugar na Fundación Araguaney e contou con membros da corporación local do concello de Santiago, así como os autores das ilustracións, as persoas retratadas e familiares. Posteriormente a exposición viaxou a Ribeira e Vedra e unha vez rematadas as mostras os debuxos foron entregados a cada un dos retratados, seguindo o desexo dos autores.

Os retratos que compoñen esta mostra realizáronse nos sete centros que AGADEA ten en Galicia e recollen as imaxes dos usuarios e dos traballadores durante a pandemia.

Esta iniciativa partiu do colectivo de artista Retratando en Plata, formado un grupo de máis de 150 debuxantes de España, que durante os peores momento da pandemia decidiron aportar o seu gran de área para animar ás familias máis afectadas pola COVID.

Unha das representantes deste grupo en Galicia, que ademais coordina a exposición de AGADEA é a recoñecida ilustradora Nanda Cabaleiro. Tamén se contou co apoio de MRW que realizou gratuitamente o envío dos cadros dende distintas zonas, como Madrid, Barcelona, Cantabria, Murcia.

AGADEA saiu á rúa polo Día Mundial do Alzhéimer.

Durante todo o mes de setembro AGADEA ALZHEIMER levou a cabo unha serie de actos para conmemorar do Día Mundial do Azlhéimer, tales o curso 'A enfermidade de Alzheimer e a súa abordaxe multidisciplinar´. Tamén se levaron a cabo as tradicionais andainas de Ribeira e a Estrada, que este ano seguiron sendo virtuais, por mor da pandemia. AGADEA tamén saíu a rúa coas Mesas Informativas para concienciar a sociedade sobre esta doenza. Por outra banda levouse a cabo un acto no Hospital Clínico Universitario que contou co apoio do departamento de Neuroloxía e a xerencia do CHUS.

Campañas Primavera, Nadal e visitas.

Todos os anos AGADEA activa as Campañas de sensibilización de Primavera e Nadal, un proxecto que se enmarca dentro dos talleres de laborterapia realizada polas persoas usuarias da nosa entidade e que nos permite establecer relacións sociais coa veciñanza dos novos pobos e cidades. Esta ano quixemos recoñecer o traballo do comercio local e a hostalaría, grandes afectados economicamente pola pandemia.

Os agasallos realizados polas persoas usuarias e as traballadoras chegaron a ducias de establecementos de Vedra, Teo, A Estrada, Santiago e Ribeira e, ademais axudamos a promocionalos a través das redes social.

Tamén visitamos a Feira da Saúde de Bertamiráns facendo unha demostración práctica de xerontoximnasia e apoiamos campañas de compañeiros como o Día da Discapacidade, a X Solidaria, entre outras.

Andainas. AGADEA superou con éxito o reto virtual de sumar quilómetros polo Alzhéimer ata alcanzar os 400 km percorridos en Riberia. Todos os esforzos sumaron nestes #QuilómetrosPoloAlzhéimer, tanto os que fixeron uns metros como varios quilómetros. Mentres que na Estrada logramos un total de 500 quilómetros

Publicacións en Medios de Comunicación:

PÁXINA XEB
*Datos Google Analitys

Número de visitas
9.752

Usuarios
6.159

Noticias totales
64 impactos

Notas de prensa
12 notas

REDES SOCIAIS	SEGUIDORES
FACEBOOK	3590
TWITTER	678
INSTAGRAM	516

Posts más vistos do 2021

IMPACTOS NOS MEDIOS





agadea
Alzheimer

IX. VOLUNTARIADO

En AGADEA consideramos básica a implicación do tecido social na problemática das persoas que sofren Alzhéimer e as súas familias.

O Programa de Voluntariado de AGADEA céntrase, por unha banda, en visitas de acompañamento e estimulación a enfermos de Alzhéimer ou outras demencias.

Estas visitas realizáronse semanalmente, por parellas, e resultaron moi gratificantes para a persoa, que realiza actividades novas e estimulantes, e para o/a coidador/a supuxeron un respiro e un apoio, ademais do reforzo de que outras persoas tamén participen do seu problema.

Así mesmo, os/as voluntarios/as tamén colaboraron cos psicólogos e as auxiliares nos Servizos de Estimulación Terapéutica, e nas actividades de difusión e divulgación de AGADEA.

Para AGADEA o voluntariado ten un valor social inigualable. Atopamos persoas comprometidas, activas, con dispoñibilidade para apoiar e con iniciativa propia. Aportan ideas, colaboran e en definitiva aportan valor engadido.

Neste último ano, quizás propiciado pola situación da COVID rexistrouse un forte incremento do Voluntariado contabilizando 30 persoas.

O programa de voluntariado abarca tanto a área de Santiago de Compostela como do Concello de A Estrada e de Ribeira.

En canto ao perfil dos voluntarios, é maioritariamente de sexo feminino, nun rango de idade comprendido entre os 18 e os 30 anos. Segundo a profesión dos mesmos, os que traballan, xunto cos xubilados e os estudantes, son os voluntarios que máis colaboran. Por estudos, sobresaen as persoas que teñen estudos universitarios.

PROGRAMA DE PRÁCTICAS

O programa de Prácticas acolleu a **40 persoas**. A maioría deles proveñen da Facultade de Psicoloxía e do Máster de Xerontoloxía da Universidade de Santiago. Tamén hai alumnado de Educación Social, Terapia Ocupacional e Máster en Formación que escolle AGADEA para realizar as súas prácticas.

Os perfís que nos adquiren con nós as súas capacidades prácticas proveñen de Atención a persoas en situación de dependencia

agadea
Alzheimer

X. AXUDAS OBTIDAS POR ENTIDADES E OUTROS ORGANISMOS

Durante o ano 2021 AGADEA recibiu diferentes axudas de diferentes organismos tanto a nivel estatal, autonómico como municipal. Tamén recibiu apoio por parte doutras entidades. A continuación facemos un resumo no seguinte cadro:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL (CONVOCATORIA IRPF 2021)	**Atención sociosanitaria CD**
	Envellecemento Activo
	Utilización de tecnoloxías, productos ou servizos
	Persoas coidadoras e Familias do Rural
	Adquisición Servizo de Transporte Adaptado
	Deterioro Cognitivo - Voluntariado
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE	**Programas de cooperación 2021**
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	**FOIE: Implantación TICs**
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	**FOAXE: Mantemento centro de día Ribeira**
FONDATION AMIGO	**Servizo de Transporte Adaptado**
CONCELLO DE A ESTRADA	**Servizo de estimulación terapéutica A Estrada**
CONCELLO DE SANTIAGO DE C.	**Envellecemento Activo - Cultiva o Corpo**
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	**Estimulación Cognitiva**
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	**Voluntariado 2021**
FUNDACIÓN JOSÉ OTERO E CARMELA MARTÍNEZ	**Adquisición de equipamiento tecnolóxico**
IGAPE	**Cheque dixitalización COVID-19**

COLABORADORES NAS ACTIVIDADES DE AGADEA

Concello da Estrada

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE RIVEIRA

CONCELLO DE BOIRO

Concello de Trazo

Concello de Vedra

CONCELLO DE TEO

Deputación DA CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE SANIDAD, SERVICIOS SOCIALES E IGUALDAD

Obra Social Fundación "la Caixa"

Fundación Barrié

SAR · BARBANZA deloa MURO · NOIA

GDR 19 terrasdecompostela

arousa NeO

SendeRuta

PRIMARK

Estrella Galicia

ENDEREZOS

SEDE de Agadea Alzhéimer
Rúa de Salgueiriños de Abaixo, 15. 15703
Santiago de Compostela (A Coruña)
981 59 57 38 / 647 589 725
agadea@agadea.org

Servizo de Estimulación Terapéutica do Ensanche
Rúa Diego de Muros, 11. 15701 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 647 507 053
ensancheagadea@gmail.com

Servizo de Estimulación Terapéutica Salgueiriños
Rúa Manuel María, 6. Casa das Asociacións. (CABES) 1º planta.
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 637 769 209
salgueirinos@agadea@gmail.com

Centro de día Salgueiriños
Rúa de Salgueiriños de Abaixo, 15. 15703
Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 722 742 947
cdiasalgueirinos@agadea.org

Centro de Día Alzhéimer de Ribeira
Rúa CardenalCisneros, 1 (entreplanta)
15960 Ribeira (A Coruña)
T. 981 87 29 13 / 672 705 053
cdiaribeira@xuntal.gal

Servizo de Estimulación Terapéutica de Ribeira
Avenida Malecón, 22
15960 Ribeira (A Coruña)
T. 981 87 29 13

Centro de Día de Alzhéimer A Estrada
Edificio do Novo Mercado. Planta Primeira
36680 A Estrada (Pontevedra)
T. 651981863
cdiaaestrada@agadea.org

Centro Terapéutico de A Estrada
Edificio do Novo Mercado. Planta Primeira
36680 A Estrada (Pontevedra)
T. 651 981 863

Centro Terapéutico de Vedra
Centro Sociocultural. Av. Mestre Manuel Gómez Lorenzo, 41 O Burgo
15885 Vedra (A Coruña)
T. 693 937 825
agadea@agadea.org

Servizo de Estimulación Terapéutica de Teo
Casa Común de Cacheiras
T. 647589725
agadea@agadea.org

Servizo de Estimulación de Trazo
Viaño Pequeno
T. 672 705 053
agadea@agadea.org

AUTORES

Andrea Muiño Monteagudo
Psicóloga

Sonia Castro Aboy
Traballadora Social

Laura Somoza Moure
Traballadora Social

Fátima Miranda Mera
Traballadora social

Estefanía Calvelo Muñiz
Terapeuta Ocupacional

Leonardo Cruaces López
Monitor

Adriana Curros Amboage
Fisioterapeuta

Laura Rodríguez Bouza
Educadora Social

Alba García Fariña
Terapeuta Ocupacional

Ana Fernández Santos
Animadora Sociocultural

Rosa María Rodríguez García
Xornalista

agadea
Alzheimer

www.agadea.org

Santiago de Compostela
2021